



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DÍA MUNDIAL ACCIDENTES TRÁFICO

O Parlamento de Galicia comparte o concepto, recollido no Informe mundial sobre a prevención das lesións causadas por accidentes de tráfico da OMS, de que a seguridade na estrada é unha responsabilidade compartida por todos os individuos, institucións e administracións da nosa sociedade.

O Parlamento de Galicia é consciente da importancia de seguir traballando, desde tódolos eidos, pola seguridade viaria, para protexer a vida e reducir as cifras de falecidos nas estradas, con especial referencia ao traballo de tódalas administracións públicas implicadas.

Polo tanto, o Parlamento de Galicia quere reiterar o seu compromiso co fomento da educación viaria para solucionar este trágico problema, implicando para isto ao conxunto da sociedade galega nesta importante tarefa.

Así mesmo, o Parlamento de Galicia, con motivo do día Mundial en recordo das vítimas de accidentes de tráfico, quere unirse á lembranza de todas as persoas que perderon a súa vida ou resultaron afectados por accidentes de tráfico, así como expresar o noso apoio a todas as organizacións que traballan polo fomento da educación e da seguridade viaria.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 08.